UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | FISIOTERAPIA NAS ALTERACIÓNS ESTÁTICAS E DINÁMICAS DO RAQUIS | Código | 651G01015 |
| Titulación | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | Castelán | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Fisioterapia | | |
| Coordinación | Rodriguez Romero, Beatriz | Correo electrónico | beatriz.romero@udc.es |
| Profesorado | Rodriguez Romero, Beatriz | Correo electrónico | beatriz.romero@udc.es |
| Web | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende que el alumno conozca las bases teóricas y prácticas de la aplicación del ejercicio terapéutico en las alteraciones estáticas y dinámicas del raquis, así como en el dolor de espalda. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer as definicions da postura dende o punto de vista biomecánico e psicosómatico, e os elementos que interveñen no control postural. | A17 | | |
| Saber executar e interpretar as distintas probas de valoración estáticas e dinámicas da postura. | A3<br>A4<br>A5<br>A17 | | C1<br>C3<br>C6<br>C7 |
| Coñecer as características xerais, as características anatomo-patolóxicas e as manifestacions clínicas das alteracions estructurais do plano frontal e saxital da columna vertebral. | A4<br>A17 | | C6 |
| Ser capaz de identificar as disfuncions neuromusculo-esqueléticas nos síndromes posturais do raquis no plano frontal e saxital. | A4<br>A17 | | C6<br>C7 |
| Coñecer os obxetivos e a metodoloxía de aplicación das diferentes modalidades de exercicio terapéutico. | A3<br>A4<br>A7<br>A17 | | C1<br>C3<br>C6<br>C7 |
| Saber executar as distintas modalidades e técnicas de exercicio terapéutico e evaluar os resultados atendendo as necesidades e individualidade dos/as usuarios/as | A3<br>A4<br>A7<br>A12<br>A17 | | C1<br>C6<br>C7 |
| Elaborar e prescribir un programa de exercicio terapéutico e/o preventivo dirixido a doentes con alteracions posturais e/ou con dor de costas | A4<br>A7<br>A12<br>A17 | | C1 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |

| PROGRAMA TEÓRICO | 5 temas |
| --- | --- |
| Recordo anatómico e biomecánico da columna vertebral | - Curvas do raquis: plano frontal e saxital<br>- Aparición das curvas: evolución filoxenética e ontoxenética<br>- Divisions funcionais do raquis: segmento anterior / posterior<br>- Funcions do raquis: movilidade<br>- Sincronía segmento posterior/disco<br>- Espesor do disco intervertebral<br>- Dirección das carillas articulares<br>- Funcions do raquis: protección.<br>- Médula e nervios raquídeos<br>- Funcions do raquis: Sostén<br>- Disco intervertebral: composición, compresión e distribución de cargas, proceso dexenerativo, patoloxía e consecuencias, presión-posición corporal.<br>- Recordo da musculatura do tronco e cuello según planos. |
| Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento | 1.1. Definicions da postura<br>1.2. Elementos que interveñen no control postural<br>1.3. Biotipoloxía<br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento<br>a) Anamnesis ou exame subxetivo.<br>b) Exploración física:<br>1. Exploración estática<br>2. Exploración dinámica:<br>- Movilidade global<br>- Test de control do movemento<br>- Test de inestabilidade<br>- Test musculares<br>3. Exploración neurolóxica |
| Tema 2. Exercicio terapéutico na dolor de costas | 2.1. Definicions e historia natural da dor lumbar e cervical.<br>2.2. Epidemioloxía, etioloxía e factores de risco da dor de costas.<br>2.3. Definición de exercicio terapéutico e evidencia científica sobre a sua aplicación na dor de costas.<br>2.4. Obxetivos xerais do exercicio terapéutico na dor de costas:<br>2.4.1. Alivio da dor<br>2.4.2. Reeducación do patrón respiratorio<br>2.4.3. Toma de conciencia das alteracions posturais e patrons de movemento incorrectos<br>2.4.4. Reeducación postural e motora<br>2.4.5. Flexibilización articular e muscular<br>2.4.6. Reeducación muscular: de músculos estabilizadores locales e globales, e de músculos movilizadores<br>2.4.7. Movilización neuromeninxea<br>2.4.8. Reeducación funcional<br>2.4.9. Acondicionamento / reacondicionamento aeróbico<br>2.5. Modalidades de exercicio terapéutico según obxetivos e/ou autores |

| | |
|---|---|
| Tema 3. Alteracions estáticas/dinámicas da columna vertebral no plano saxital | 3.1. Alteracions estructuradas:<br>3.1.1. Xeneralidades<br>3.1.2. Cifose dorsal<br>3.1.3. Enfermedade de Sheuerman<br>3.1.4. Dorso plano<br>3.1.5. Hiperlordose<br>3.1.6. Espondilolisis. Espondilolistesis<br>3.1.7. Rectificación lumbar<br><br>3.2. Síndromes posturais:<br>3.2.1. Xeneralidades<br>3.2.2. Síndrome cruzado inferior<br>3.2.3. Postura de espalda aplanada<br>3.2.4. Postura de extensión pasiva<br>3.2.5. Síndrome cruzado superior<br>3.2.6. Outros síndromes posturais |
| Tema 4. Alteracions estáticas/dinámicas da columna vertebral no plano frontal | 4.1. Escoliose<br><br>4.1.1. Recordo histórico. Definición. Etioloxía<br>4.1.2. Escoliose idiopática:<br>4.1.2.1. Definición. Prevalencia.<br>4.1.2.2. Cambios anatomo-patolóxicos.<br>4.1.2.3. Consideracions etiolóxicas.<br>4.1.2.4. Manifestacions clínicas.<br>4.1.2.5. Clasificación: a) cronolóxica, b) según a localización, c) según gravedade.<br>4.1.2.6. Evolución e factores pronóstico.<br><br>4.2. Actitude escoliótica:<br><br>4.2.1. Características que diferencian a actitud escoliótica da escoliose<br>4.2.2. Clasificación |
| Tema 5. Exercicios específicos de fisioterapia para o tratamento da escoliose | 5.1. Evidencia científica sobre o tratamiento conservador: exercicios específicos de fisioterapia<br>5.2. Obxetivos básicos do tratamento conservador<br>5.3. Consenso de recomendacions sobre os exercicios específicos de fisioterapia |
| PROGRAMA PRÁCTICO | 12 prácticas |

| | |
|---|---|
| Práctica nº1<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | a) Exploración subxetiva (anamnesis)<br>b) Exploración física:<br>1. Exploración estática:<br>1.1. Observación xeral do doente<br>1.2. Probas da plomada e inspección no plano frontal e saxital |
| Práctica nº2<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>1. Exploración estática:<br>1.2. Probas da plomada e inspección no plano frontal e saxital |
| Práctica nº3<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>1. Exploración estática:<br>1.3. Medición da amplitude das curvas fisiolóxicas do plano saxital<br>1.4. Medición de membros inferiores e comprobación do efecto dun alza<br>1.5. Medición de prominencias (xibas) |
| Práctica nº4<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>1. Exploración estática:<br>1.6. Análise da postura en sedestación |
| Práctica nº5<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>2. Exploración dinámica:<br><br>>> a nivel DORSOLUMBAR<br><br>2.1. Movilidade global a nivel dorsolumbar:<br>- Test de movilidade global á flexión<br>- Test de movilidade global á extensión<br>- Test de movilidade global á inclinación lateral<br>- Test de movilidade global á rotación |

| | |
|---|---|
| Práctica nº6<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>2. Exploración dinámica:<br><br>>> a nivel DORSOLUMBAR<br><br>2.2. Test de control do movemento na rexión lumbar e dorsal<br>2.3. Test de inestabilidade da rexión lumbopélvica |
| Práctica nº7<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>2. Exploración dinámica:<br><br>>> a nivel DORSOLUMBAR<br><br>2.4. Test musculares da rexión lumbopélvica:<br>a) estabilizadores locais<br>b) estabilizadores globais<br>c) movilizadores<br>En doentes con síndrome cruzado inferior e postura de espalda aplanada. |
| Práctica nº8<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>2. Exploración dinámica:<br><br>>> a nivel CERVICAL<br><br>2.1. Movilidade global a nivel cervical:<br>- Test de movilidade global á flexión<br>- Test de movilidade global á extensión<br>- Test de movilidade global á inclinación lateral<br>- Test de movilidade global á rotación<br>- Test de movilidade global da columna craneocervical: protracción / retracción |
| Práctica nº9<br>Tema 1. Análise teórico e práctico da postura humana e o movemento<br><br>1.4. Protocolo de valoración estática e dinámica da postura e o movemento | b) Exploración física:<br>2. Exploración dinámica:<br><br>>> a nivel CERVICAL<br>2.2. Test de control do movemento na rexión cervical<br>2.4. Test musculares da rexión cervical:<br>a) estabilizadores locais<br>b) estabilizadores globais<br>c) movilizadores |
| | |

| | |
|---|---|
| Práctica nº 10, 11 y 12<br>Tema 2. Exercicio terapéutico na dor de costas<br><br>2.5. Modalidades de exercicio terapéutico según obxetivos e/ou autores | 2.5.1. Etapas ou niveis de progresión dos exercicios<br>2.5.2. Características e modalidades dos exercicios de primeiro e segundo nivel<br>2.5.3. Práctica dos exercicios de primeiro nivel:<br>a) para a rexión lumbo-pélvica<br>b) para a rexión dorsal<br>c) para a rexión  cervico-escapular<br>- Exercicios de reeducación respiratoria<br>- Exercicios de reeducación sensitivo-motora<br>- Exercicios de estabilizadores locais<br>- Exercicios de flexibilización neuro-musculoesquelética<br>2.5.4. Práctica de exercicios de segundo nivel |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Prácticas de laboratorio | A3 A4 A5 A7 A12 A17 C1 C3 C6 C7 | 30 | 30 | 60 |
| Sesión maxistral | A3 A4 A17 | 12 | 36 | 48 |
| Estudo de casos | A3 A4 A5 A17 C1 C3 C7 | 0 | 10 | 10 |
| Análise de fontes documentais | A17 C1 C6 C7 | 2 | 0 | 2 |
| Obradoiro | A3 A4 A7 A12 A17 C1 C7 | 12 | 12 | 24 |
| Proba práctica | A3 A4 A5 C1 | 1 | 0 | 1 |
| Proba mixta | A7 A3 C1 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Prácticas de laboratorio | Esta metodoloxía permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, exploracións, realización de probas de valoración clínica. O laboratorio ofrece unha excelente oportunidade para aprender mentras se fai, e para adquirir competencias técnicas, metodolóxicas, sociais e participativas. As prácticas de laboratorio realizaranse no laboratorio de Fisioterapia Especial (2ª planta). O grupo de alumnos/as matriculados/as na asignatura distribúese a sua vez en 6 grupos, cada un dos cales recibirá 2 horas de prácticas de laboratorio semanalmente (ver calendario académico para a distribución dos grupos). O alumno/a debe asistir ás mesmas con pixama clínico e, bañador ou roupa deportiva similar. Estas prácticas correspóndense ós temas 1 e 2 do temario. |
| Sesión maxistral | As clases teóricas (sesión maxistral) serán impartidas na aula nº 2 (planta sótano). Correspóndense ás clases programadas no calendario académico como docencia teórica. Manexaranse presentacións power-point, e diferente material clínico que se exporá na clase. |

| | |
|---|---|
| Estudo de casos | O/A alumno/a deberá realizar un traballo correspondiente ó tema 1, sobre o protocolo de exploración da postura e o movemento. Búscase a través desta actividade promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes.<br>O/A alumno/a terá que realizar esta actividade en colaboración con outros 2 compañeiros (grupos de 3 alumnos/as) a partir da composición dos grupos das clases prácticas.<br><br>É obrigatorio a sua presentación para asistir ó exame.<br><br>Entregar en formato power-point, identificando o traballo co nome dos 3 alumnos/as: primeiro apelido e nome (de cada un dos compoñentes) nun pen-drive.<br><br>Débense recoller os resultados da exploración subxetiva, inspección, probas da plomada, medición das curvas fisiolóxicas, comprobación do efecto dun alza (si procede), así como da valoración dinámica dorsolumbar.<br><br>- Exploración subxetiva: incluirase unha descripción da anamnesis do alumno/a explorado/a según guion dado en clase.<br>- Un mapa corporal coa representación da línea da plomada, e símbolos das principais alteracións estáticas do plano frontal e saxital. Deben incluirse os resultados da prueba da plomada e da inspección en ambos planos. Adxuntarase descripción das alteracións mais relevantes observadas. Poderá utilizarse o apartado de notas do power-point para añadir información complementaria.<br>- Os resultados da valoración da amplitude das curvas do plano saxital.<br>- Os resultados da medición de xibas (si procede).<br>- Video das probas dinámicas da rexión dorsolumbar:<br>a) movilidade global a nivel dorsolumbar adxuntando lenda coa interpretación dos resultados de ditas probas<br>b) resultados dos test de control do movemento da rexión lumbar e dorsal<br>Integrarase en dito traballo os resultados obtidos sobre a valoración da composición corporal impartidos na asignatura de Cinesiterapia: bases do exercicio terapéutico.<br><br>Os/as alumnos/as exporán en clase práctica os seus traballos, a semana anterior a semana santa. |
| Análise de fontes documentais | O/a alumno/a deberá utilizar unha relación de documentos (escritos e de tipo audiovisual) que contribuirán a identificar a práctica basada na evidencia e reforzarán a adquisición de habilidades a desarrollar durante o obradoiro. |
| Obradoiro | Durante a realización do obradoiro o profesor estará presente na aula/laboratorio e guiará o/a alumno/a na adquisición de habilidades motoras. A ventaxa desta metodoloxía radica en que é o/a propio/a alumno/a o que vivencia a experiencia de ser guiado na execución dun programa de exercicio terapéutico o que facilita a identificación dos obxetivos e da metodoloxía de aplicación do exercicio terapéutico. Esta actividade práctica reforzarase a sua vez coa realización simultánea doutras actividades tales como o análise de fontes documentais. Llevarase a cabo durante o horario programado para a docencia interactiva. Os/as alumnos/as dividiranse en 3 grupos. A asistencia ó obradoiro é obrigatoria. |
| Proba práctica | Véxase apartado de Avaliación |
| Proba mixta | Véxase apartado de Avaliación |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |

| | |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio<br>Estudo de casos<br>Obradoiro | Durante a realización das actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, exploracións, realización de probas de valoración clínica, etc. que o/a alumno/a levará a cabo durante as prácticas de laboratorio (tras demostración previa da profesora) recibirá un feedback de tal aprendizaxe por parte da profesora presente en todo momento na aula. A profesora resolverá en todo momento aquelas dudas e dificultades que lle surxan o/a alumno/a.<br><br>Para a realización do estudo de casos, o/a alumno/a conta co seguimento por parte da profesora a través de tutorías previamente solicitadas por aquél.<br><br>Durante a realización do obradoiro a profesora estará presente na aula/laboratorio e guiará ó alumno/a na adquisición de habilidades motoras e na identificación dos obxetivos e da metodoloxía do exercicio terapéutico. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Prácticas de laboratorio | A3 A4 A5 A7 A12 A17 C1 C3 C6 C7 | A asistencia a todas as prácticas de laboratorio, terá o valor correspondente ó 5% da nota, isto é 0,5 puntos sobre 10. Nesta puntuación inclúese ademais da asistencia, a actitude, a colaboración e a participación activa na clase. | 5 |
| Estudo de casos | A3 A4 A5 A17 C1 C3 C7 | O traballo práctico sobre valoración da postura, terá unha puntuación máxima do 10%.<br><br>Valorarase a veracidade dos datos, a calidade do material gráfico, a capacidade descriptiva da inspección, a presentación xeral do traballo, a capacidade de traballo en grupo e a defensa do mesmo. | 10 |
| Proba mixta | A7 A3 C1 | O exame constará de 2 partes: unha teórica e outra práctica. Será imprescindible presentarse a ambas partes do exame. De non cumplirse este requisito asignarase automáticamente unha nota igual a cero.<br><br>Considerarase liberada a materia, única e exclusivamente se se alcanza unha nota de 5/10 en cada parte (teórica e práctica).<br>O exame teórico constará de: preguntas tipo test (de resposta simple, onde cada 2 respostas mal restarase unha ben) e un caso clínico sobre o que se plantearán 10 preguntas cortas. Para evaluar o caso clínico será imprescindible ter alcanzado unha nota igual a 5 sobre 10 nas preguntas tipo test.<br><br>O exame (proba mixta+proba práctica) terá un valor do 75% da nota total da asignatura. | 75 |
| Obradoiro | A3 A4 A7 A12 A17 C1 C7 | Terase moi en conta a asistencia ó obradoiro, a actitude, a execución práctica das indicacións dadas pola profesora e/ou outros/as alumnos/as, a relación cos outros alumnos e a profesora, a responsabilidade e o interés na actividade. | 10 |
| Análise de fontes documentais | A17 C1 C6 C7 | Evalúase en conxunto co obradoiro. | 0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba práctica | A3 A4 A5 C1 | O exame práctico constará de 3 preguntas sobre os contenidos vistos durante as clases prácticas de laboratorio e durante o obradoiro. Pediraselle o/a alumno/a que elixa ó azar 3 números que se corresponderán con números asignados a unha lista previa de preguntas prácticas. Puntuaranse os seguintes aspectos: a) integración de coñecementos teórico-prácticos, b) aprendizaxe psicomotor (destrezas e control da actividade), c) tempo de resposta.<br>Puntuación: véxase proba mixta | 0 |

| Observacións avaliación |
|---|
| |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Petty, Nicola J. (2003). Exploración y evaluación neuromusculoesquelética : un manual para terapeutas. Capítulo 3: La exploración física.. Madrid : McGraw Hill<br>- Florence Peterson Kendall ... [et al.] (2007). Kendall's, Músculos : pruebas funcionales, postura y dolor. Capítulo 3: Pruebas de longitud muscular. Capítulo 4: Postura estática. Actitud postural: alineamiento y equilibrio muscular. Capítulo 6: . Madrid : Marbán<br>- Liemohn, Wendell. (2005). Prescripción de Ejercicio para la espalda. Pág: 137-156. Badalona : Paidotribo<br>- Norris, Christopher M. (2008). Back stability : integrating science and therapy. Champaign, IL : Human Kinetics<br>- Stanmore, Tia. (2006). Espalda sana Ejercicios basados en el método Pilates para fortalecer el cuello los hombros y la espalda. Barcelona : RBA Integral<br>- https://7d40fd28ff4210a1111ef7c06f60917b0aeee563.googledrive.com/host/0B6ALP6YU4J6jdGxPbE9RcWpkUTg/ (2013). HÁBITOS DE VIDA SALUDABLE Y PREVENCIÓN DE PROBLEMAS MÚSCULO-ESQUELÉTICOS. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia<br>- Jull G, Sterling M, Falla D, Treleaven J, O´Leary S (2009). Latigazo Cervical, cefalea y dolor en el cuello. Barcelona: Elsevier |
| Bibliografía complementaria | - Rodríguez-Romero B (2009). www.fisaude.com , Apartado VIDEOS_categoría Ejercicios deEstabilización Lumbopélvica. Preferible ver los videos en el siguiente orden: 1-Introducción estabilización lumbo-pelvica:http://www.. Fisaude<br>- Rodríguez-Romero B (2009). www.fisaude.com , Apartado: Fisioterapia > Lesiones > Cervicalgia (en formato texto).. Fisaude<br>- Rodríguez-Romero B et al (2013). http://formacion-eactivo.clientes.galiciadigital.com/html/prevencion_dolor_espalda/. Xunta de Galicia<br>- Rodríguez-Romero B et al (2007). O prezo da marea [Vídeo] : prevención de transtornos músculo-esqueléticos no marisqueo. Santiago de Compostela] : Xunta de Galicia<br><br /> |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| ANATOMÍA I E HISTOLOXÍA/651G01001<br>ANATOMÍA II/651G01002<br>BIOMECÁNICA/651G01009<br>CINESITERAPIA: BASES DO EXERCICIO TERAPÉUTICO/651G01013 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías